Plan anual de traballos 2019

MVMC de Cosuo—Gondomar







landra
CONSULTORA FORESTAL

LANDRA CONSULTORA FORESTAL S.L.
Rúa Aguia nº5, local 3 / 36205 Vigo
886.13.56.38 / 649.39.74.17
consultoraforestal@landra-cf.com

Abril 2019

INDICE

DOCUMENTO I: MEMORIA

I. REVISIÓN DO PLAN ANUAL 2018 1

I.1. PLAN DE APROVEITAMENTOS 1
I.1.1. Cortas de rexeneración – Cortas de mellora 1

I.2. PLAN DE MELLORAS 2
I.2.1. Tratamentos silvícolas 2
II.2.2. Traballos prevención de incendios 4
II.2.3. Repoboacións 4
II.2.4.Emprego de químicos forestais 5

II. PLANIFICACIÓN ANO 2019 6

II.1. PLAN DE APROVEITAMENTOS 6
II.1.1 . Cortas de rexeneracción 6
II.1.2 . Cortas extraordinarias 8
II.1.3. Taxación 9
II.1.4. Organización da poxa 9

II.2. PLAN DE MELLORAS 11
II.2.1 Tratamentos silvícolas 11
II.2.3. Repoboacións 16
II.2.4. Infraestruturas 17
II.2.5. Actuacións sobre hábitats e especies das directivas “hábitats”, “aves” e catalogadas17

II.3. EMPREGO DE QUÍMICOS FORESTAIS 17

II.4. ESTADO XERAL DA UNIDADE DE XESTIÓN 18

II.5. RISCO DE EROSIÓN E IMPACTO AMBIENTAL DOS TRABALLOS PLANIFICADOS 18

II.6. NORMAS XERAIS PARA O TRATAMENTO DOS RESTOS DE CORTA (LEI 7/2012 DE MONTES DE GALICIA) 19

II.7. . BALANCE ECONÓMICO 20

DOCUMENTO II: EBSS

DOCUMENTO III: ANUNCIO DA POXA

DOCUMENTO II: PLANO DE ACTUACIÓNS

I. REVISIÓN DO PLAN ANUAL 2018

A continuación faise un resumo das actuacións realizadas durante o pasado ano 2018.

I.1. PLAN DE APROVEITAMENTOS

I.1.1. Cortas de rexeneración – Cortas de mellora

O día 18 de febreiro de 2018, celebrouse na Casa Veciñal de Couso a poxa da madeira correspondente ao ano 2018. A poxa estaba formada por tres lotes de madeira correspondentes con cortas de rexeneración de eucalipto, inda que o lote 2 tamén tiña unha parte cuberta de piñeiro.

Na táboa que se presenta a continuación recóllese o adxudicatario, importe de taxación e importe de adxudicación de cada un dos lotes adxudicados na poxa.

Lote	Adxudicatario	Importe taxación	Importe adxudicación
1	Rogelio Piñeiro Vázquez e Hijos S.L	20.012,12	26.770,00
2	Rogelio Piñeiro Vázquez e Hijos S.L	28.378,99	34.680,00
3	Maderas Díaz y Buceta	29.555,90	37.889,00
Total		**77.947,01**	**99.339,00**

Táboa 1: Adxudicación das cortas de rexeneración

Os lotes 1 e 2 foron cortados durante o pasado ano 2018, sen existir ningún efecto ambiental destacable, actualmente están en proceso de rexeneración. Respecto o lote 3, a empresa adxudicataria solicitou unha prórroga para a execución da corta, actualmente esta pendente de corta.

I.2. PLAN DE MELLORAS

I.2.1. Tratamentos silvícolas


A continuación recóllense os traballos silvícolas realizados no MVMC de Couso durante o pasado ano 2018. A meirande parte dos traballos foron realizados por persoal da Comunidade de Montes, a excepción dos traballos correspondentes a subvención de silvicultura do ano 2018, que foron contratados a empresa LAXES AMBIENTAL S.L.

CUARTEL 01: AS RASAS

- Roza manual e poda de formación de parte do rodal 00103, o resto do rodal realizarase durante o presente ano 2019.

CUARTEL 02: OS REMEDIOS

- Selección de abrochos de eucalipto no tranzón III: 2,09 ha. Subvención incendios



Fotografía: Selección de abrochos no tranzón III

- Selección de abrochos de eucalipto na superficie afectada polo lume no ano 2013. Rodal 00402. Superficie 4,53 ha. Subvención incendios.
- Roza das faixas de prevención na Portela 00402, 00403.
- Roza e abonado da plantación de cerdeira localizada en parte do rodal 00101.

CUARTEL 03: SAN CRISTOVO

- Rareo e poda dos soutos de castiñeiro que se estenden polos rodais 00604, 00905, 00701. Esta actuación realizouse mediante a subvención de silvicultura do ano 2017. A subvención foi executada pola empresa LAXES AMBIENTAL S.L.
- Roza, corta e eliminación de eucalipto na Regueira de Salgueiró, por riba da pista forestal.



Fotografía: Limpeza do entorno da Regueira de Salgueiró.

- Roza, poda e trituración de restos do rodal 00402. Esta actuación correspondese coa subvención de silvicultura do ano 2018. Os traballos comezaron a finais do ano 2018 pero non se remataron ata febreiro do ano 2019 polo que se incluirán como actuacións do ano 2019.

- Roza da plantación de piñeiro que se estende polo rodal 00601.
- Realización de área de defensa mediante a roza de gran parte da superficie do rodal 00504. 6,74 ha. Dita actuación realizouse en aplicación da subvención de incendios do ano 2018.
- Roza e poda dos Cupressus sp. localizados nas proximidades do campo de fútbol. Rodal 01108 parte.

II.2.2. Traballos prevención de incendios

Os traballos de prevención de incendios foron incluídos nos tratamentos silvícolas, por tratarse de traballos que ademais da prevención de incendios melloran a calidade e produtividade da masa forestal.

A continuación recóllense os traballos realizados coa subvención de incendios 2018, xa descritos no apartado anterior.

MOUTEIRA	ACTUACIÓN	SUP EXECUTADA(HA)
Tranzón III- Cuartel 02	Roza de penetración, rareo e eliminación dos restos das entrefaixas das masas forestais	2,09
00402-Cuartel 02	Roza de penetración, rareo e eliminación dos restos das entrefaixas das masas forestais	4,53
00504- Cuartel 03	Areas cortalumes	6,74
TOTAL		**13,36**

Táboa 2: traballos de prevención de incendios realizados con subvención

II.2.3. Repoboacións

Durante o pasado ano 2018 realizáronse as seguintes plantacións:

- Aumento da densidade da masa de frondosas mediante a plantación de 20 castiñeiros híbridos na mouteira 00101 do cuartel 01.
- Plantación dun rodal de nogueira de aproximadamente 1 ha de superficie localizada na mouteira 00101 do cuartel 02. A plantación realizouse a un marco de 4x4 m o que supón unha densidade de plantación de 625 plantas/ha.

II.2.4.Emprego de químicos forestais

Durante o pasado ano 2018 realizouse un repaso con tratamento fitocida de varios rodais que estaban cubertos de eucalipto e foron plantados con piñeiro.

- Cuartel 03: mouteiras 01003 e 01005. Superficie de actuación 0,44 ha e 2,32 ha respectivamente.
- Cuartel 03: mouteiras 00404-00405. Superficie de actuación 2 ha.
- Cuartel 02: mouteira 00707. Superficie de actuación 2 ha.

II. PLANIFICACIÓN ANO 2019

II.1. PLAN DE APROVEITAMENTOS

O plan de aproveitamentos queda definido polas cortas de rexeneración que se van realizar no monte veciñal durante o ano 2019. Durante o presente ano non se levaran a cabo cortas de mellora.

II.1.1 . Cortas de rexeneracción

Segundo o Proxecto de Ordenación, para o ano 2019 estaba programada a corta do tranzón IX, localizado no Cuartel 02: Os Remedios, correspondente co rodal 00807 e parte do rodal 00802; e o rodal 01006 do Cuartel 03. Este ultimo foi cortado o pasado ano, debido o estado sanitario da masa de piñeiro que se desenvolvía no interior do rodal, polo que para este ano soamente se realizara a corta do tranzón IX do Cuartel 02.

Para a determinación do volume a extraer realizouse unha cubicación pé a pé, medindo os diámetros de tódolos pés existentes dentro do lote e unha mostra das alturas. Con estes datos e aplicando as fórmulas do Cuarto Inventario Forestal para a provincia de Pontevedra obtivéronse as existencias totais en cada lote.

LOTE 1: Os Ambruñeiros
Cuartel 02: Os Remedios
Rodal 00807 e parte do 00802
Superficie: 5,72 ha

O lote 1 correspondese co rodal 00807 e parte do rodal 00802. Ampliouse un pouco a superficie de corta, incluíndo a superficie localizada por riba do enclave C co fin de realizar unha delimitación do linde do lote o mais clara posible. A superficie atopase cuberta de eucalipto

blanco (*Eucalyptus globulus*) fora de quenda, acompañado dalgúns pes de piñeiro país e acacia negra.

O lote queda delimitado polo Sur por pista forestal, polo leste con pista forestal e enclave C, polo norte con outra masa de eucalipto adulto separada por pes anelados con pintura, e polo Oeste cunha masa de eucalipto novo.

A continuación presentase a táboa resumo das existencias do lote.

Especie	Estado	nº varas**	Nº pes	Vol (m^3)
E. globulus	verde	975	3991	1.501,65
E. globulus	seco	60	49	6,38
P. pinaster	verde	2	20	8,97
P. radiata	verde		9	4,30
A. melanoxylon	verde		6	1,07
TOTAL		**1037**	**4075**	**1.522,37**

Táboa 3: Resumo lote 1



Fotografía: vista xeral do lote dende a pista que delimita polo extremo leste

II.1.2 . Cortas extraordinarias

En aplicación de la *"RESOLUCIÓN de 28 de diciembre de 2018, de la Dirección General de Ganadería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, por la que se declara en el territorio de la Comunidad Autónoma de Galicia la presencia de cinco nuevos positivos del organismo de cuarentena Bursaphelenchus xylophilus (Steiner et Buhrer) Nickle et al. (nemátodo del pino) y se ordena comenzar las medidas para su erradicación",* os propietarios ou administracións implicadas terán a obriga de eliminar tódalas árbores sintomáticas, decaídas ou afectadas polos incendios forestais ou tormentas na franxa demarcada.

No cuartel 02, Os Remedios, existen varios rodais de piñeiro radiata (00705, 00803, 00806) que presentan numerosas árbores sintomáticas, polo que durante este ano será preciso realizar a súa corta por motivos fitosanitarios.





Fotografías de pes sintomáticas localizadas no Cuartel 02

A venta de esta madeira realizarase por tonelada e por considerarse un lote pequeno non foi incluída na poxa da madeira. Os datos do volume extraído será recollido no próximo plan anual, xa que se trata de pes puntuais o que dificulta a estimación.

II.1.3. Taxación

Para a taxación da madeira empregáronse os prezos actuais do mercado para madeira de eucalipto, tendo en conta que a o Monte Veciñal de Couso está certificado polo sistema de certificación PEFC, con certificado de grupo **PEFC/14-22-00007**, e polo sistema FSC número **SCS-FM/COC-004741**

Especie	Estado	nº varas	Nº pes	Vol (m^3)	Peso (t)	Prezo (€/Tn)	Taxación
E. globulus	verde	975	3991	1.501,65	1.922,11	30,00	57.663,36
E. globulus	seco	60	49	6,38	6,38	30,00	191,40
P. pinaster	verde	2	20	8,97	12,86	20,00	257,18
P. radiata	verde		9	4,30	4,73	20,00	94,60
A. melanoxylon	verde		6	1,07	1,07	12,00	12,84
TOTAL		**1037**	**4075**	**1.522,37**	**1.947,15**		**58.219,38**

Táboa 4: Taxación

II.1.4. Organización da poxa

A venda da madeira realizouse mediante poxa pública celebrada o día 17 de febreiro as 12:00 h. na Casa Veciñal de Couso.

O anuncio da mesma foi publicado na Federación de Aserraderos e Rematantes de Galicia.

O lote de corta foi adxudicado a empresa **ENCE, Energia y Celulosa SA.** As cortas realizaranse seguindo as condicións recollidas no anuncio e que se presentan a continuación:

- A madeira a extraer está sinalada cun chaspe. Os lindes do aproveitamento están definidos por muros, marcos, pistas e árbores aneladas que quedarán en pé trala corta.
- Os restos de corta deberán quedar triturados ou ser extraídos do lote de corta**. <u>A non eliminación de ditos restos suporá a perda da fianza.</u>**
- Respectaranse tódolos pés de frondosas presentes no lote.
- Fianza 10% do valor de adxudicación. Dita fianza deberá facerse efectiva o día da poxa, e de non asístir a mesma, o prazo máximo para o pago da fianza será ó día seguinte a poxa.

- FORMA DE PAGO: O pago total do lote realizarase nos **DEZ DIAS** seguintes o día da poxa. **De non realizarse o pago no prazo establecido, o adxudicatario perderá os dereitos sobre o lote e perderá a fianza integra.**
- PRAZO DE EXECUCIÓN: **6 meses dende a concesión do permiso de corta**. De non executarse a corta no prazo establecido e solicitar unha prórroga, o adxudicatario perderá un 25% da fianza.

II.2. PLAN DE MELLORAS

II.2.1 Tratamentos silvícolas

Os traballos silvícolas propostos para realizar durante o presente ano 2019 seguen as indicacións establecidas nos modelos silvícolas recollidos no Proxecto de ordenación, axustándose segundo a evolución das masas e os traballos realizados nos anos anteriores. Os tratamentos fitosanitarios serán descritos no apartado II.3: Emprego de químicos forestais.

A continuación faise a descrición dos traballos a realizar por cuarteis.

CUARTEL 01: AS RASAS

Durante o ano 2019 o Proxecto de Ordenación non contempla a realización de actuacións no Cuartel 01.

Feita a revisión dos traballos para a redacción do presente plan anual programase a realización dos seguintes traballos:

- Roza e poda de formación da masa mixta de frondosas e piñeiro que se desenvolve no rodal 00103 e que se comezou a traballar durante o pasado ano 2018.



Fotografía do rodal 00103 dende a pista que linda polo Sur

- Roza e poda de formación do rodal 00104. Superficie actualmente cuberta por unha masa de frondosa e acompañada de abundante rexenerado de acacia negra, que será eliminado mediante a aplicación de produtos fitosanitarios.



Fotografía do rodal 00104 dende a pista forestal que o atravesa

- Roza e poda de formación da masa localizada no entorno da plantación de castiñeiros. Rodal 00101.
- Roza da plantación de piñeiro realizada no rodal 00205.

CUARTEL 01: AS RASAS				
MOUTEIRA	**SUP (ha)**	**TRATAMENTO**	**Custo unitario (€/ha)**	**Custo total (€)**
00103p	2,49	Roza	1.500,00	3.738,35
00101	1,70	Roza e poda de formación	1.800,00	3.051,77
00104	2,81	Roza e poda de formación	1.800,00	5.054,53
00205	1,14	Roza	1.500,00	1.710,00
TOTAL	**8,14**			**13.554,65**

Táboa 5: Traballos programados no Plan anual 2019

CUARTEL 02: OS REMEDIOS

A continuación preséntase unha táboa cos traballos programados segundo o Proxecto de ordenación indicando a situación actual de cada un.

CUARTEL 02: OS REMEDIOS			ANO 2019
Prioridade	**MOUTEIRA**	**SUP (ha)**	**TRATAMENTO**
1	00301	0,65	Roza manual
1	00302	0,38	Roza manual
1	00303	2,11	Roza manual en faixas
2	00303	2,11	Talla de formación
1	00902(p)	3,10	Selección de brotes de cepa e amoreado restos
1	Faixa prim. P.A.	-	Roza manual-mecanizada
TOTAL		8,35	

Táboa 6: Traballos propostos no Cuartel 02 no Proxecto de ordenación para o ano 2019

Os traballos programados no Proxecto de Ordenación contemplan a roza das faixas de prevención de incendios localizadas no lugar de A Torre. Actualmente esta zona esta limpa polo que non é preciso a realización destes traballos

Os traballos programados no Cuartel 02 para realizar no ano 2019 son os seguintes:

- Selección de abrochos tranzón IV: 2,11 ha. Solicitada subvención incendios
- Selección de abrochos tranzón V: 2,18 ha. Solicitada subvención incendios



Fotografía selección de abrochos no tranzón V

- Roza e primeira poda da repoboación de piñeiro que se estende polo rodal 00701.

CUARTEL 02: OS REMEDIOS				
MOUTEIRA	**SUP (ha)**	**TRATAMENTO**	**Custo unitario (€/ha)**	**Custo total (€)**
Tranzón IV	2,11	Roza e selección de abrochos	1.500,00	3.161,22
Tranzón V	2,18	Roza e selección de abrochos	1.500,00	3.270,13
00701	2,40	Roza e poda baixa	1.800,00	4.324,38
TOTAL	**6,69**			**10.755,73**

Táboa 7: Traballos programados no Cuartel 02 no Plan anual 2019

CUARTEL 03: SAN CRISTOVO

Os traballos programados no Proxecto de Ordenación no Cuartel 03 recóllense na seguinte táboa:

CUARTEL 03: SAN CRISTOVO			ANO 2019
Prioridade	**MOUTEIRA**	**SUP (ha)**	**TRATAMENTO**
1	00205	3,22	Roza manual en faixas
1	00205	3,22	Talla de formación
2	00206	0,89	Roza manual en faixas
2	00206	0,89	Talla de formación
1	00303	2,89	Roza mecanizada en faixas
1	00303	2,89	Talla de formación
1	00305	5,07	Poda baixa, incluído o trat. de restos
1	00603	0,52	Talla de formación
1	00603	0,52	Roza manual
2	00704	0,52	Talla de formación
2	00704	0,52	Roza manual
2	00908	1,67	Roza manual
2	00908	1,67	Talla de formación
1	01006	2,32	1ª Aplicación de fitocida
1	01006	2,32	2ª Aplicación de fitocida e tratamento de restos
1	Faixa prim. P.A.	-	Roza manual-mecanizada
TOTAL		29,13	

Táboa 8: Traballos propostos no Proxecto de ordenación no Cuartel 03 para o ano 2019

Revisados estes traballos comprobouse a necesidade de realizar algún deles, sombreados na táboa, e a non necesidade de outros por xa estar feitos ou ter que realizarse outro traballo.

A continuación recóllense os traballos a realizar no Cuartel 03 do Monte Veciñal durante o ano 2019.

- Roza e poda de formación dos castiñeiros localizados no rodal 00204.



Fotografía do rodal 00204 realizado durante o mes de marzo

- Roza e poda de formación da repoboación de castiñeiro realizada no ano 2009, rodal 00303.
- Roza e poda baixa da repoboación de piñeiro que se estende polo rodal 00401.
- Roza, poda e trituración de restos do rodal 00402. Traballo realizado con subvención de selvicultura do ano 2018 pola empresa LAXES AMBIENTAL SL.
- Roza, poda e trituración de restos do rodal 00607. Traballo para o que foi solicitada asubvención de selvicultura do ano 2019, pendente de aprobación.
- Roza manual, rareo e corta de eucalipto do rodal 00802. Traballo para o que foi solicitada a subvención de incendios.
- Roza e corta de eucalipto na continuación da Regueira de Salgueiró ata o limite coa CMVMC de Tebra
- Roza e rareo manual do rodal 00908. Traballo para o que foi solicitada a subvención de incendios.

CUARTEL 03: SAN CRISTOVO				
MOUTEIRA	**SUP (ha)**	**TRATAMENTO**	**Custo unitario (€/ha)**	**Custo total (€)**
00204	0,79	Roza e poda de formación	1.200,00	948,00
00303	3,25	Roza e poda de formación	1.200,00	3.901,48
00401	1,16	Roza e poda baixa	1.200,00	1.391,21
00402	3,78	Roza, poda e trituración de restos	1.868,00	7.061,04
00607	8,92	Roza, poda e trituración de restos	1.868,00	16.666,88
00802	0,76	Roza e rareo manual de piñeiro con corta de eucalipto	1.800,00	1.372,18
00804	3,73	Roza e corta de eucalipto	1.800,00	6.714,30
00908	1,21	Roza e rareo manual de piñeiro	1.200,00	1.449,74
TOTAL	**23,60**			**39.504,83**

Táboa 9: Traballos silvícolas programados no Cuartel 03 para o ano 2019

II.2.3. Repoboacións

Durante o presente ano prográmanse as seguintes plantacións:

- Plantación de dous rodais de piñeiro país (*Pinus pinaster*) a un marco de plantación de 3x3 m o que supón unha densidade de plantación de 1.100 pes/ha. Rodal 00701 do cuartel 02, e rodal 01006p do cuartel 03. Este último cortado o pasado ano 2018 e feito o cambio de especie de eucalipto a piñeiro.
- Plantación de dous pequenos rodais de castiñeiro localizados nos rodais 00206 e 00905 do cuartel 03. A plantación realizarase a un marco de 4x4 m o que supón unha densidade de plantación de 625 plantas/ha.

ANO 2019					
CUARTEL	**MOUTEIRA**	**SUP (ha)**	**TRATAMENTO**	**Custe unitario (€/ha)**	**Custe total (€)**
02	00701	1,02	Plantación de piñeiro	1.450,00	1.476,68
03	01006p	1,44	Plantación de piñeiro	1.450,00	370,00
03	00206	0,76	Plantación de castiñeiro	2.500,00	1.800,00
03	00905	0,11	Plantación de castiñeiro	2.500,00	263,48
TOTAL		**3,32**			**3.910,16**

Táboa 10: Plantacións no MVMC de Couso. Ano 2019

II.2.4. Infraestruturas

Durante o presente ano non se levará a cabo a instalación de infraestruturas, nin o arranxo de pistas forestais.

II.2.5. Actuacións sobre hábitats e especies das directivas "hábitats", "aves" e catalogadas

Non se realizara ningunha actuación neste tipo de hábitats.

II.3. EMPREGO DE QUÍMICOS FORESTAIS

O longo do ano 2019 programase a aplicación de tratamento fitocida nas mouteiras que a continuación se detallan.

A finalidade do tratamento é a eliminación do rexenerado de eucalipto e acacia negra que invaden as masas de piñeiro e frondosas que se desenvolven no monte veciñal.

O tratamento realizarase mediante o emprego herbicida sistémico no residual que conteña como principio activo GLIFOSATO 36%, Touchdown Premium.

A dose de aplicación será de 0,5 l diluidos nun bidón de 25 l o que supón unha dose de 2%.

O método de aplicación será mediante pulverización con mochila.

O tratamento de choque require unha dosis maior e é o primeiro tratamento que se realiza logo da corta do arborado.

O repaso correspondese co mantemento das mouteiras nas que previamente se realizou un tratamento choque. A dose de aplicación e moito menor, é un tratamento puntual.

O tratamento realizarase nos días sen choiva e con pouco vento para evitar derivas.

- Eliminación de acacia en rodal 00104 cuartel 01
- Eliminación de abrochos de eucalipto nos rodais 00709 (cuartel 02), 00802, 00804, 01003, 01005, e 01006 (cuartel 03).

CUARTEL	MOUTEIRA	SUP (ha)	TRATAMENTO	Custo unitario (€/ha)	Custo total (€)
01	00104	2,81	Tratamento de choque	550,00	1.545,50
02	00709	2,40	Repaso	250,00	601,08
03	00802	0,44	Repaso	250,00	110,00
03	00804	4,05	Repaso	250,00	1.013,66
03	01003	0,35	Repaso	250,00	88,65
03	01005	2,48	Repaso	250,00	618,97
03	01006	1,44	Repaso	250,00	360,31
TOTAL		13,98			4.338,18

Táboa 11: Tratamento fitocida

II.4. ESTADO XERAL DA UNIDADE DE XESTIÓN

O estado xeral da unidade de xestión é bo. Durante as visitas realizadas para a definición dos traballos e cortas a realizar no presente ano, comprobouse que o estado sanitario das masas que se desenvolven no monte veciñal é bo, sen presenza de síntomas de enfermidades ou pragas, agás como xa se comentou anteriormente nas masas de piñeiro radiata que se desenvolven no cuartel 02 nas que se apreza a presenza de numerosos pes puntisecos, que será preciso cortar durante este ano e seguir a evolución das mesmas en anos próximos.

A afección do *Gonipterus scutellatus* nas masas de eucalipto é leve, cunha porcentaxe de defoliación moi baixa. As masas de frondosas non presentan ningún tipo de dano aparente. Observase unha importante mellora nas masas de piñeiro rexeneradas tralo lume do ano 2005, logo da realización de numerosos tratamentos silvícolas e a eliminación do eucalipto que rexenerou polo interior destas masas e que durante os derradeiros anos se ha tratado para a súa completa eliminación.

II.5. RISCO DE EROSIÓN E IMPACTO AMBIENTAL DOS TRABALLOS PLANIFICADOS

Non se prevé en ningún caso que o aproveitamento ou os traballos planificados poidan causar danos de carácter medioambiental ou económico. Os terreos nos que se van realizar os traballos

non presentan a priori problemas para a súa rexeneración. A pendente e as propias características do terreo non fan prever problemas de erosión.

II.6. NORMAS XERAIS PARA O TRATAMENTO DOS RESTOS DE CORTA (LEI 7/2012 DE MONTES DE GALICIA)

- Eliminar ou extraer do monte, cando tecnicamente sexa posible, os restos dos tratamentos silvícolas ou dos aproveitamentos forestais que supoñan un risco pola posible aparición de pragas ou enfermidades forestais.
- A realización dos aproveitamentos madeireiros implicará a extracción ou a trituración da biomasa forestal residual, agás por dificultades de mecanización xustificadas, por motivos ambientais, orografía ou condicións de pluviometría que supoñan risco de erosión, ou aqueloutras que se determinen mediante orde da consellaría competente en materia de montes.
- O aproveitamento da biomasa forestal realizarase seguindo criterios de sustentabilidade e a regulación do aproveitamento da biomasa forestal garantirá a conservación da biodiversidade, a estabilidade dos solos, facilitando o desenvolvemento dos ciclos ecolóxicos, a valorización integral dos montes nos seus usos e aproveitamentos e a súa compatibilidade coas actividades tradicionais da industria forestal galega, como doutros sectores tradicionais.
- Os camiños, pistas ou faixas cortalumes na área do aproveitamento deixaranse libres de restos vexetais e obstáculos que impidan ou dificulten o paso e manobra de vehículos.
- A empresa de explotación forestal tomará tódalas medidas precisas para previr incendios forestais como consecuencia das operacións de aproveitamento.
- Os residuos que poidan xerar as operacións de corta e saca da madeira (latas de combustibles, aceites de engraxe, pneumáticos, repostos e ferramentas mecánicas e de vehículos ou maquinaria, restos de cables, prendas de vestiario, restos de envases de bebidas, alimentos, etc.) serán retirados do monte a vertedoiro autorizado.

II.7. . BALANCE ECONÓMICO

INGRESOS

Para realizar un balance o mais axustado posible a realidade consideraronse os ingresos procedenres das cortas a realizar no monte veciñal, así como das subvencións concedidas (selvicultura 2018) e solicitadas (selvicultura e incendios 2019).

Ingresos			
Cuartel	**C. rexeneración**	**Subvencións**	**Total**
01	0		0
02	58.219,38		58.219,38
03	0,00		0,00
Total	**58.219,38**	**29.416,73**	**87.636,11**

Táboa 12: Ingresos ano 2019

GASTOS

Os gastos previstos proceden dos traballos silvícolas, tratamentos fitocidas e repoboacións programadas, inclúense tamén os traballos propostos para a subvención de selvicultura e incendios do presente ano 2019, actualmente pendentes de aprobación.


Gastos				
Cuartel	**Tratamentos silvicolas**	**Trat. Fitocida**	**Repoboacións**	**Total**
01	13.554,65	1.545,50	0,00	15.100,15
02	10.755,73	601,08	1.476,68	12.833,49
03	39.504,83	2.191,60	2.433,48	44.129,91
Total	**63.815,22**	**4.338,18**	**3.910,16**	**72.063,55**

Táboa 13: Gastos ano 2018

BALANCE

Segundo estes datos a porcentaxe de reinversión no monte ascende a un 80%, sen ter en conta os gastos ocasionados polo mantemento dos traballos nos Proxectos do Shitake e froitos vermellos, superando o 40% establecido por lei

Vigo, abril de 2019
A enxeñeira de montes



Asdo. Daniela Rodríguez Cruz
Colexiada nº6538

ESTUDO BÁSICO DE SEGURIDADE E SAUDE

ÍNDICE

MEMORIA

1. OBXECTO DO ESTUDIO BÁSICO DE SEGURIDADE E SAÚDE
2. AUTOR DO ESTUDIO BÁSICO DE SEGURIDADE E SAÚDE
3. CARACTERÍSTICAS DAS OBRAS:
    3.1. Descrición das obras e situación
    3.2. Presuposto da obra
    3.3. Prazo de execución
    3.4. Persoal previsto.
    3.5. Asistencia sanitaria
    3.6. Maquinaria prevista
    3.7 Medios auxiliares.
4. ANÁLISE XERAL DE RISCOS E MEDIDAS PREVENTIVAS:
    4.1 Riscos e medidas preventivas dos procesos de obra.
    4.2. Riscos e medidas preventivas da maquinaria.
    4.3. Riscos e medidas preventivas de medios auxiliares.
    4.4. Riscos e medidas preventivas para terceiros
5. CONDICIÓNS DOS MEDIOS DE PROTECCIÓN
6. DISPOSICIÓNS LEGAIS

MEMORIA

1. OBXECTO DO ESTUDIO BÁSICO

Redáctase o presente estudo básico de seguridade e saúde para dar cumprimento o real decreto 1627/1.997 de 24 de Outubro polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construcción, no marco da lei 31/1.995 de 8 de Novembro de Prevención de Riscos laborais.

Os obxectivos que pretende cubri-lo estudio son:

- Organización do traballo de forma que o risco sexa o mínimo.
- Preserva-la integridade dos traballadores e de tódalas persoas do entorno.
- Determina- las instalacións para a hixiene e saúde dos traballadores.
- Establecer as normas de utilización dos elementos de seguridade
- Proporcionar ós traballadores os conocementos necesarios para o uso correcto e seguro dos útiles e maquinaria que se lle proporcione.

De acordo col artigo 7º R.D. 1627/1.997 o obxectivo do Estudio Básico de Seguridade e Saúde é o de servir de base para que o contratista elabore o correspondente Plan de Seguridade e Saúde no traballo no que se analizarán, estudiará, desenvolveran e complementarán as previsións contidas neste documento en función do seu propio sistema de execución de obra. En dito plano incluiranse, no seu caso, as propostas de medidas alternativas de prevención que o contratista propoña coa correspondente xustificación técnica.

2. AUTOR DO ESTUDIO BÁSICO DE SEGURIDADE E SAÚDE

O presente estudio Básico de Seguridade e Saúde é redactado pola Enxeñeira de Montes, Daniela Rodríguez Cruz colexiada nº. 6538. A súa elaboración foi encargada pola C.M.V.M.C. de Couso e considérase coma documento adxunto ao Plan Anual 2019.

3. CARACTERÍSTICAS DAS OBRAS

3.1. Descrición das obras e situación

A realización dos traballos recollidos no presente plan localízanse no monte veciñal propiedade da Comunidade de Montes de Couso – Gondomar.

As principais características desta obra:

Acceso a tráfico rodado:

☒Si ☐Non

Acceso peatonal

☒Si ☐Non

Entorno:

☐Agrícola ☒Forestal ☐Urbano

Topografía:

☒Inclinado ☐Llano ☐ Abancalado ☐Curso de auga ☐Outros

Servidume e condicionantes

☒ Líneas de alta tensión ☒Servidumes de paso

☐Outros,

Edificacións colindantes:

Os procesos que se levarán a cabo para a execución do presente plan anual de traballos son os seguintes:

- Apeo de árbores motoserra
- Apilado de madeira
- Desramado con motoserra
- Tronzado con motoserra
- Saca madeira tractor forestal
- Roza de vexetación con maquinaria
- Poda con serrucho
- Poda con motoserra
- Selección de gnomos de eucaliptos con motoserra
- Manipulación de productos fitosanitarios

3.2. Presuposto da obra

O orzamento de execución material das obras é de 72.063,55 euros.

3.3. Prazo de execución

O prazo de execución previsto dende a súa iniciación ata o seu remate completo é de 10 meses o que se corresponde con 220 días laborais.

3.4. Persoal previsto.

Para a execución das obras comprendidas no Proxecto estímase un termo medio de 4 traballadores, o que supón un volume de man de obra de 880 xornais.

3.5. Asistencia sanitaria

Existirá para os primeiros auxilios un botiquín contendo o material especificado no Anexo VI do R.D. 486/1997 de disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo. Sendo os centros de asistencia primaria (urxencias): Centro de Saúde Gondomar a 2 Km. TLF 986 360 781. (Calle Portugal s/n); para asistencia especializada (hospital) Hospital Alvaro Cunqueiro a 20 Km.

3.6. Maquinaria prevista

A maquinaria que se empregará na execución das obras será:

- Autocargador
- Rozadora
- Motoserra

- Tractor oruga o neumático
- Vehículo todo terreo
- Procesadora forestal

Esta maquinaria ademais de cumprir a regulamento específico deberá estar conforme cos requirimentos esencias de seguridade e saúde establecidos na normativa vixente Deberán levar a marca "CE" seguida das dúas últimas cifras do ano en que se puxera en marcha.

3.7. Medios auxiliares

Os medias auxiliares que se utilizaran nas obras serán:

- Machada
- Ferramentas manuais

4. ANÁLISE XERAL DE RISCOS E MEDIDAS PREVENTIVAS

Para os diferentes procesos da obra que constitúen o Proxecto obxecto deste estudio, así coma da maquinaria e dos diferentes medios auxiliares que se utilizarán, analizaranse de seguido, para cada un deles, os diferentes riscos coas súas medidas de prevención e os seus equipos de protección individual (Epi's) a modo de ficha. Estas fichas servirán de base á hora de realizar o consabido Plano de Seguridade e Saúde que deberá ser aprobado antes do inicio da obra polo coordinador en materia de seguridade e saúde durante a execución da mesma, no que se analizarán e estudiarán, desenvolveranse e complementaranse as previsións contidas neste documento en función do propio sistema de execución da obra

4.1 Riscos e medidas preventivas dos procesos de obra.

Para cada proceso de obra identificaranse mediante unha ficha os riscos laborais os cales se aplicarán as medidas preventivas e protecciónstécnicas tendentes a controlar e reducir os riscos mencionados. Isto non implica que en cada proceso soamente existan eses riscos ou exclusivamente pódanse aplicar esas medidas preventivas ou equipos de protección individual, posto que dependendo da concorrencia de riscos ou por razón das características do tallo determinado pódense empregar outros.

APEO DE ÁRBORES CON MOTOSERRA		
RISCOS	*EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL*	*MEDIDAS PREVENTIVAS*
❖ Caídas de persoas ó mesmo nivel. ❖ Caída de persoas a distinto nivel. ❖ Caídas de obxectos en manipulación tales como árbores secos cuxa madeira quebradiza poida producir a súa rotura brusca. ❖ Caída de obxectos desprendidos tales como polas ❖ Atrapamento por/ou entre árbores, polas, obxectos.... ❖ Proxección de hachas que poidan saltar os ollos así como gnomos ou polas que poidan saltar ou quedar libres. ❖ Sobreesforzos ❖ Contactos eléctricos directos. ❖ Contactos eléctricos indirecto ❖ Contactos térmicos ❖ Lumes. ❖ Exposición a temperaturas ambientais extremas. ❖ Exposición ó ruído ❖ Exposición as vibracións ❖ Accidentes causados por seres vivos	❖ Casco de seguridade. ❖ Roupa impermeable cando o tempo o esixa. ❖ Gafas e/ou pantalla de protección. ❖ Botas de seguridade antideslizantes. ❖ Protector auditivo. ❖ Pantalóns o zahóns de seguridade ❖ Luvas ❖ Botiquín de primeiros auxilios. ❖ Sempre que as condicións de traballo esixan outros elementos de protección distintos os anteriormente descritos, dotarase os traballadores dos mesmos.	❖ As operacións de derribo serán dirixidas e realizadas por persoal cualificado. ❖ Seguiranse escrupulosamente as normas de seguridade do manexo da motoserra. ❖ Traballarase cos pés ben asentados no chan, cas pernas ben abertas para que o corpo teña un apoio firme. ❖ Transitarase por zoas abertas ❖ Evitarase subir ou andar polas polas ou fustes apeados. ❖ Marcarase unha ruta de escape no caso de emerxencia, que será de dous metros en diagonal, respecto o eixo de caída, pero nunca cruzando dito eixo e eliminando os obstáculos que se encontren nel. ❖ Gardarase a distancia de seguridade respecto a outros compañeiros asegurándose que se está fora do alcance da árbore na súa caída antes de dar o corte de derribo, dando a súa vez a voz de aviso. ❖ Non apear outra árbore contra a que se quedase colgado, nin tampouco intentar apear a que esté facendo de soporte. ❖ Farase uso do xiratroncos para as árbores enganchadas, facendo panca dende o lado oposto a aquela, onde queiramos que o tronco xire mantendo a costas recta e facendo o esforzo cas pernas e brazos. ❖ Pedirase axuda os outros compañeiros se unha árbore queda colgada. Se non se consigue desprende sinalizarase a zoa de perigo. ❖ Teranse en conta os factores que interviñan na dirección de caída da árbore (O vento e a súa dirección, sobrecarga por neve, inclinación, polas , podredume, etc) ❖ Non se realizará o apeo cando exista un vento forte. ❖ Se unha árbore non ten polas secas prestarase maior atención o seu posible desprendemento por vibracións. ❖ Deixarase enfriar a motoserra antes de realizar calquera axuste na mesma. ❖ Controlarase a sistema antivibración da motoserra. ❖ Para chamar a atención dun motoserrista que este traballando, acercármonos sempre pola parte frontal. Non aproximándonos ata que non interrompa a tarefa. ❖ Nunca se suprimirá a charnela por un corte exhaustivo. ❖ Sempre se dará unha voz de atención á caída da árbore. ❖ Os derrubes que deban facerse cerca dos cables de alta tensión ou outros cables eléctricos ou de teléfono no deberán iniciarse: ❖ Antes de adoptar medidas de precaución contra o perigo de orixe eléctrico, en unión cos responsables dos servicios de electricidade interesados. ❖ Antes de designar a un responsable competente para vixiar a execución dos traballos.

APILADO DE MADEIRA		
RISCOS	EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL	MEDIDAS PREVENTIVAS
❖ Caídas de persoas a distinto nivel ❖ Caídas de persoas ó mesmo nivel ❖ Caída de obxectos por caida ou derrubamento. ❖ Choques contra obxectos inmóbiles. ❖ Choques contra obxectos móbiles. ❖ Golpes ou cortes por obxectos e ferramentas ❖ Atrapamentos por/ou entre madeira ,polas, etc... ❖ Exposición a temperaturas ambientais extremas. ❖ Sobreesforzos ❖ Accidentes causados por seres vivos	❖ Botas de seguridade antideslizantes con punteira reforzada. ❖ Cinto lumbar para cargas ❖ Luvas de seguridade ❖ Casco de seguridade ❖ Sempre que as condicións de traballo esixan outros elementos de protección distintos os anteriormente descritos, dotarase os traballadores dos mesmos.	❖ Non subirse nin camiñar polas pilas de madeira ❖ Transitar por zoas abertas ❖ Evitar andar sobre polas e trozas ❖ Usar calzado antideslizante ❖ Mirar ben onde se pisa e evitar os obstáculos ❖ As pilas de madeira fanse sobre chan firme e nivelado. ❖ Non se manipulará as trozas con ferramentas que no foran deseñadas para elo ❖ Manterase a distancia con respecto os outros compañeiros e darase tempo a que se retiren antes de aproximarse cargados o lugar de apilado. ❖ Terase precaución en terreos con pendente, cando se manipulen trozas que estén suxeitando a outras ou incluso rochas soltas. ❖ Non se deixará na pila trozas en equilibrio ❖ Elixiranse os sostens de apoio resistentes para evitar que se derrube a pila unha vez terminada ❖ Si unha pila é inestable terá que reforzala convenientemente ou desfacela. Non se pasará pola parte inferior á mesma si se encontra nunha ladeira ❖ Collerase primeiro as trozas que estén na parte superior da pila. Nunca se tirará de paos que estén pillados por outros ❖ Moverase a troza antes de meter as mans debaixo para collelas. ❖ Cando un tronco o manipulen dous ou mais traballadores, as sinais para levantalo e baixalo daraas o último deles e todos deberán andar a un mesmo lado do tronco ❖ Non se collerá peso por riba das posibilidades dunha persoa ❖ Para levantar la carga manterase a costas recta flexionando las pernas, para realizar el esforzo con elas o estiralas. ❖ Al transportar as trozas manteranse cerca do corpo e a carga levarase equilibrada ❖ Manterase un ritmo de traballo constante adaptado as condicións do individuo ❖ Non se traballará baixo circunstancias que disminuan sensiblemente as condicións físicas do operario.

DESRAMADO CON MOTOSERRA		
RISCOS	***EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL***	**MEDIDAS PREVENTIVASS**
